



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

**BASES REGULADORAS DA BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓNS EN ESCOLA
INFANTIL MUNICIPAL**

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Segundo o disposto no artigo 35 do Real decreto 364/95, de 10 de marzo, poderase proceder a contratación de persoal laboral non permanente para realizar traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo, conforme ós principios de mérito e capacidade.

En consecuencia, considerando o disposto nos citados preceptos legais e co fin de establecer un procedemento baseado nos principios de igualdade, mérito e capacidade, que asegure unha adecuada celeridade na selección e contratación do persoal en casos de urxencia e necesidade, RESOLVO aprobar a convocatoria pública de selección do persoal para substitución en escola infantil municipal, que se rexerá polas seguintes:

**BASES REGULADORAS DA BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓNS EN ESCOLA
INFANTIL MUNICIPAL**

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto constituír unha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal de persoal para substitucións na escola infantil municipal cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Necesidades do Servizo, por incremento temporal e excepcional da carga de traballo, e a fin de garantir o seu adecuado funcionamento.
- Incapacidade temporal para cubrir baixas por enfermidade.
- Permiso por maternidade ou paternidade.
- Uso do período de vacacións ou permiso por asuntos propios.
- Licenza por asuntos propios.

A través desta convocatoria preténdese seleccionar ó persoal que integrará a bolsa de emprego así como regular a cobertura dos postos ofertados cando conorra algunha das causas sinaladas no apartado anterior.

En todo caso, estas contratacións estarán supeditadas ás limitacións establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano e á existencia de consignación económica no orzamento provincial.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

SEGUNDA. POSTOS DE TRABALLO OFERTADOS

- Técnico superior de educación infantil.

TERCEIRA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para seren admitidos na bolsa de emprego os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade de xubilación.
- Posuír a titulación requirida no anexo I para desempeñar o posto de traballo ó que opta. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá xustificarse a habilitación mediante un documento que acredite de modo fidedigno a súa homologación.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante ou en mellora de emprego.
- Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data en que se formalice a contratación.

CUARTA. SOLICITUDES

As persoas que desexen formar parte da bolsa de emprego deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó alcalde-presidente do Concello. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e teléfono para poder localizalo, así como a denominación do posto ofertado ó que opta, e achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia en vigor do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios
- Titulación esixida para desempeñar o posto ó que opta.
- Xustificante acreditativo do aboamento de pago dos dereitos de exame, na cuantía de 30 €. O pagamento efectuarase na conta bancaria da entidade "ABANCA" a nome deste Concello, co IBAN ES73 2080 5572 4630 4000 0058. Deberá expresarse con claridade os datos da persoa aspirante a quen corresponde o ingreso e a convocatoria á que se atribúe o pagamento.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

No Rexistro xeral do Concello facilitaráselles ós interesados o modelo de instancia incluído no anexo II desta convocatoria.

- Os aspirantes deberán presentar unha instancia por cada un dos postos de traballo solicitados.

- O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria.

- A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro xeral do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse nun sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

- Os aspirantes con algunha discapacidade deberán achegar, o certificado do seu grao de discapacidade e un certificado médico que acredite a súa capacidade para desempeñar o posto de traballo ó que opta.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará unha resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para cada un dos postos de traballo ofertados, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web.

Os aspirantes excluídos e omitidos disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución, para emendar o defecto que motivase a exclusión.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, que serán designados pola Alcaldía.

A composición dos tribunais axustarase ós principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

SÉTIMA. SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de oposición.

1. Fase de oposición

1.1. Realizarase unha proba tipo test que consistirá en responder un cuestionario de 50 preguntas sobre os contidos dos programas que figuran no anexo II da convocatoria.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de cincuenta minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de 25 puntos.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Cada pregunta terá un valor de 1 punto. O fallos restan 0,1 punto. As respostas en branco non contan.

1.2. As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección dos exercicios.

1.3. Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio previstos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ó xuízo do tribunal.

1.4. O exercicio realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas opositoras, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe.

1.5. Os aspirantes non poderán acceder ó recinto do exame provistos de teléfono móbil, axenda ou demais dispositivos de carácter electrónico.

2. Proba de Galego.

De carácter obrigatorio e eliminatória. Consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto polo tribunal, de castelán ao galego, nun tempo máximo de vinte minutos.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten a titulación de galego de nivel CELGA 2 ou equivalente.

3. Desenvolvemento dos exercicios

3.1. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa identidade.

3.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, e será excluído da oposición a persoa que non compareza.

3.3. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivera coñecemento de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos por esta convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá acordar a súa exclusión, se procede.

3.4. O lugar de realización das probas anunciarase, unha vez publicada a listaxe de persoas admitidas, no taboleiro de anuncios do Concello de Mondariz Balneario e na súa páxina web.

OITAVA. COMEZO DOS EXERCICIOS

A data e a hora na que deberá constituírse cada tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas, serán determinados pola Alcaldía mediante resolución, xunto coa aprobación da lista definitiva de admitidos, que se



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e na web.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento e quedarán decaídos no seu dereito os aspirantes que non comparezan a realizalo.

Para realizar os exercicios os aspirantes deberán presentarse provistos do DNI ou outro documento fidedigno acreditativo da súa personalidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a súa práctica.

NOVENA. APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Sumadas as puntuacións totais, o tribunal confeccionará a bolsa de emprego por orde de maior a menor puntuación segundo o posto de traballo ofertado. Esta será sometida á aprobación do presidente para a súa publicación, coñecemento dos interesados e demais efectos legais.

A contratación de persoal para cada un dos postos de traballo ofertados efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de emprego.

DÉCIMA. VIXENCIA DA BOLSA

A bolsa de emprego terá unha duración de dous anos, e poderá prorrogarse coa incorporación de novos candidatos mediante convocatoria pública.

DÉCIMO PRIMEIRA. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

Cando se deba proceder a unha contratación temporal ofertaráselle o posto de traballo ó primeiro aspirante da lista, por teléfono e correo electrónico; daráselle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ó posto ofertado. De non responder o teléfono ou correo electrónico sobreenténdese que renuncia ó posto e poderá efectuarse o chamamento ó seguinte candidato da lista.

DÉCIMO SEGUNDA. SITUACIÓN NAS LISTAS

Os integrantes das listas non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nestas ata prestar servizos no concello durante un mínimo de seis meses, contados desde a posta en funcionamento da bolsa, de xeito que se a contratación para a que son chamados ten unha duración inferior retornarán ó posto que tiñan anteriormente.

Rematada a contratación e traballados a lo menos seis meses nun período de un ano, o interesado pasará a ocupar o último lugar na lista durante un ano. Finalizado o devandito período volverá automaticamente ao lugar da lista que, de acordo coa súa puntuación, lle corresponda.

Os integrantes das listas que, ó seren convocados para facer efectiva a súa contratación, non se presentasen ou renunciaren a esta, perderán os seus dereitos e quedarán excluídos das listas durante un ano; unha vez transcorrido este prazo poderán solicitar de novo a súa



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

inscrición. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

Esta sanción non será aplicable nos seguintes supostos:

- Períodos de embarazo, maternidade ou situacións asimiladas.
- Situación de baixa por incapacidade temporal
- Por outras causas de carácter excepcional que así o determine o tribunal
- No caso de renuncia á oferta ou ó contrato de traballo farase constar na bolsa de emprego a súa situación.

DÉCIMO TERCEIRA. CONTRATACIÓN

A Resolución da Alcaldía terá carácter vinculante para a formalización dos contratos laborais de duración determinada que correspondan.

DÉCIMO CUARTA. CONTROL DO ESTADO DAS LISTAS

O estado das listas poderase consultar en calquera momento nas oficinas do Concello.

DÉCIMO QUINTA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan ó Concello, ó tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DÉCIMO NOVENA. INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria e para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

VIXÉSIMA. DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I

Titulación:

Técnico superior de educación infantil.

ANEXO II

Modelo de solicitude:



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

DATOS DO INTERESADO

Nome e Apelidos	NIF

DATOS DO REPRESENTANTE

Tipo de persoa	
<input type="checkbox"/> Física	
<input type="checkbox"/> Xurídica	

Nome e Apelidos/Razón Social	NIF/CIF

Poder de representación que ostenta

A Administración Pública **verificará** a identidade dos interesados no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten no Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente.

Os interesados poderán identificarse electronicamente ante as Administracións Públicas a través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade conforme ao artigo 9.2 da Lei 39/2015.

Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpor recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, **deberá acreditarse a representación**, de conformidade co indicado no artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Medio de Notificación			
<input type="checkbox"/> Notificación electrónica			
<input type="checkbox"/> Notificación postal			

Dirección

Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

OBJECTO DA SOLICITUDE



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

EXPÓN

Que, vista a convocatoria anunciada no *Boletín Oficial da Provincia* núm. ____, de data _____, en relación coa convocatoria para crear una bolsa para substitución de técnico superior de educación infantil.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- Ter ingresado a taxa por dereitos de exame, na cantidade de 30 €.

Títulos que declara posuír e relación de méritos alegados:



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia en relación co artigo 56 do texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, admítase esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

Deber de informar aos interesados sobre protección de datos

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Mondariz Balneario
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro
Destinatarios	Os datos cederanse a outras administracións públicas. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.mondarizbalneario.es

[No suposto no que se vaia a realizar un tratamento dos datos cuxo obxecto non sexa a finalidade principal de xestionar e tramitar expedientes administrativos, deberase solicitar o consentimento como base de lexitimación para o tratamento dos datos].

[A modo de exemplo] Adicionalmente:

Presto o meu consentimento para que os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña poidan ser utilizados para *[p.e. elaboración de estatísticas]*.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

Responsable	Concello de Mondariz Balneario
Finalidade Principal	[p.e. <i>Elaboración de estadísticas sobre aspirantes a procesos selectivos</i>].
Lexitimación	Consentimento
Destinatarios	Os datos cederanse a _____ [por exemplo outras administracións públicas/contratista/...]. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.mondarizbalneario.es

DATA E FIRMA

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

O solicitante,

Asdo.: _____

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO.

ANEXO III

Temario técnico superior de educación infantil.

Materias comúns

TEMA 1. Réxime local español. Principios constitucionais regulación xurídica

TEMA 2. El municipio. O termo municipal. La poboación. El empadroamento. Outras entidades locais

TEMA 3. Organización municipal. Competencias

TEMA 4. Ordenanzas y regulamentos de las entidades locais. Clases. Procedemento, elaboración y aprobación

Materias específicas

TEMA 1. Papel, funcións e tarefas do/a educador/a infantil.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

TEMA 2. A organización do espazo, os materiais e o tempo como recursos didácticos. Características especiais da escola infantil. A distribución do tempo.

TEMA 3. O ingreso da/o nena/o no centro infantil. O período de adaptación. O papel da persoa adulta no proceso de adaptación ao centro infantil.

TEMA 4. Saúde infantil: prenatal, crecemento e desenvolvemento infantil. 1º ano de vida. 2º ano de vida.

TEMA 5. Saúde infantil: prevención das enfermidades infecciosas. Enfermidades transmisibles. Enfermidades frecuentes na etapa de 0 a 3 anos.

TEMA 6 . Saúde infantil: hixiene. Adquisición de hábitos de limpeza e hixiene na etapa de 0 a 3 anos.

TEMA 7. Saúde infantil: alimentación e nutrición. Trastornos na comida.

TEMA 8. Saúde infantil: accidentes na infancia e a súa prevención.

TEMA 9. Saúde infantil: o descanso dos nenos de 0 a 3 anos. Ritmos dos sono.

TEMA 10. Educación infantil: Deseño e animación de experiencias educativas.

TEMA 11. Educación infantil: o xogo e a súa metodoloxía.

TEMA 12. Educación infantil: psicoloxía evolutiva de 0 a 3 anos.

TEMA 13. Educación infantil: desenvolvemento cognitivo e motor.

TEMA 14. Educación infantil: expresión e linguaxe.

TEMA 15. Educación infantil: desenvolvemento emocional e social.

TEMA 16. Temas transversais na educación infantil: resolución pacífica de conflitos, educación ambiental, etc.

TEMA 17. A educación para a igualdade como elemento transversal nas estratexias educativas.

TEMA 18. O papel da familia no desenvolvemento da infancia e pautas para unha adecuada relación familia-escola.

TEMA 19. A situación sociolingüística: definición e descrición. Papel dinamizador da escola.

TEMA 20. A lexislación lingüística no ensino infantil: a Lei de normalización lingüística e o Decreto 329, do 28 de xullo de 2005, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. *O Plan xeral de normalización da lingua galega.*

TEMA 21. Métodos e recursos para a dinamización educativa, de aprendizaxe, lingüística, musical, cultural, de xénero, etc.

TEMA 22. A normalización lingüística como elemento transversal nas estratexias educativas.

TEMA 23. A educación infantil no marco da LOE.

TEMA 24. A avaliación, funcións, estratexias e recursos para levala a cabo. O labor tutorial e a comunicación ás familias.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

O que manda e asina o Sr. Alcalde presidente do Concello en Mondariz Balneario a data reflectida marxe, ante min, o secretario, que certifico.